



## **AVALIACIÓN AMBIENTAL DA PRAIA DA MADALENA**

Despóis da constitución da “Plataforma Cidadá Salvemos a Ría de Cedeira”, o Concello de Cedeira concertou unha xuntanza entre a plataforma e a Demarcación de Costas. Así, o pasado 12 de agosto tivo lugar unha reunión na sede da Demarcación de Costas na Coruña para tratar a restauración ambiental de praia da Madalena.

Nesa reunión, o xefe da Demarcación de Galicia, Rafael Eimil, amosou a intención de Costas de levar a cabo unha **avaliación de impacto ambiental** ordinaria (é dicir, completa, non simplificada), así como un proxecto construtivo de rexeneración ambiental. Incluirían diversas alternativas para ser obxecto de avaliación, e habería os preceptivos trámites de información pública para presentar obervacións e alegacións, tal como dispón a lexislación vixente.

Falouse tamén de acometer varias intervencións de carácter puntual relativas a aspecto como: reparar a ringleira de troncos, procurar melloras no canleamento dos regatos e rebaixar a cota da duna para quitarlle peso, facer unha pendente e revexetala con flora autóctona propia destes ecosistemas. Houbo o compromiso de que sería unha intervención única para acadar a estabilización da duna, así como que non se farían máis deitados de area na praia.

Quedouse así mesmo en enviar ao Concello o informe sobre a praia elaborado pola Dirección Xeral de Conservación da Natureza da Consellería de Medio Ambiente. Considerando que a día de hoxe aínda non tivemos acceso ao devandito documento, o que manifestamos de seguido pode verse alterado unha vez coñezamos o seu contido.

### **POSICIÓN DE ADEGA (ASOCACIÓN PARA A DEFENSA ECOLÓXICA DE GALIZA) E SOMOS CEDEIRA**

Unha das poucas demandas que subscribiron ADEGA, Somos Cedeira e o resto de entidades constituintes de plataforma (incluído o grupo de goberno), era a de esixir unha **AVALIACIÓN DE IMPACTO AMBIENTAL** para calquera intervención na ría, dacordo co procedemento ordinario -completo- previsto na lexislación ambiental vixente (*ver anexo II*).

Polo tanto, a nova transmitida na reunión do 12 de agosto polo Xefe da Demaración de Costas, Rafael Eimil, sobre a intención de **levar a cabo a avaliación de impacto ambiental completa** foi moi ben recibida, por ser crucial para o futuro da praia de Madalena. Así mesmo, somos coñecedores das moitas accións que Costas ten acometido tempo atrás na praia, e o moito dano que teñen producido para o ecosistema da ría estas actuacións.

Estamos convencidos de que Costas non terá inconvincente en deixar **constancia escrita** da excelente nova expresada polo Xefe da Demarcación.



## ANEXO I. SOBRE A ESTABILIZACIÓN DO NOIRO DA PRAIA

---

Respecto á proposta de estabilizar o noiro mediante a súa reconfiguración e revexetación, a nosa posición sempre foi a de non tocar a duna, ao entender que só se perseguía rabuñar nela nas vésperas de cada verán, xa que no inverno o mar levaría toda a area rebaixada, como de feito aconteceu. De facerse así non tería sentido, en poucos anos non quedaría nada.

Non obstante, a nova proposta de Costas, baseada nunha **única** intervención orientada a quitarlle peso e altura –froito dos recheos recentes–, facendo unha pendente suavizada e revexetándoa, concorda co feito noutros lugares con bastante éxito.

A intervención iría complementada coa erradicación de planta exóticas invasoras en todo o espazo de titularidade de Costas, é dicir, o dominio público marítimo terrestre incluíndo praia e traspraia. Tamén quedou expresamente claro que non habería máis deitados de area.

Nestas condicións, estaríamos dacordo coa proposta de estabilización do noiro.

## ANEXO II. CONTIDO MÍNIMO MULTIDISCIPLINAR DA AVALACIÓN AMBIENTAL ORDINARIA (COMPLETA).

---

- a. Definición, características e emprazamento do proxecto.
- b. Estudo de ALTERNATIVAS.
- c. Descrición do medio receptor (atmósfera, sedimentos, hidroloxía, auga, pesca e marisqueo, hábitats, fauna e flora mariña e litoral, morfoloxía costeira, dinámica litoral, comportamento hidrodinámico da ría, etc).
- d. Análise de impactos potenciais.
- e. Medidas preventivas, correctoras e compensatorias.
- f. Programa de vixilancia ambiental.
- g. Planos.
- h. Dinámica litoral e modelización hidrodinámica.
- i. Caracterización dos sedimentos na ría e na praia.
- j. Estudo Bionómico (Censos de flora e fauna, censos de especies ameazadas, exóticas invasoras, recursos explotables, endemismos, etc).
- k. Estudos socioeconómicos, de patrimonio cultural e de integración paisaxística.
- l. Informes doutras administracións afectadas.